



## O NOVO DECRETO IMPOSIBILITA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

- Segundo o Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, o novo *Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* fará imposible, desde un punto de vista estritamente pedagóxico, dar cumprimento ao previsto na lexislación educativa sobre competencia lingüística.
- A normativa proposta este pasado 30 de decembro polo Consello da Xunta despreza absolutamente todo a armazón lexislativa construída ao longo de tres décadas, en especial o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade polo Parlamento Galego en 2004.
- O tratamento aparentemente “igualitario” diante de realidades lingüísticas moi desiguais no seu carácter, desenvolvemento, presenza social e problemática, só pode traer como consecuencia un maior retroceso para a lingua galega.
- O borrador presentado falsea os elementos de debate sobre a situación da lingua, como xa ocorreu coa controvertida consulta ás familias.
- NOVA ESCOLA GALEGA fai un chamamento ás familias galegas para que eviten que os seus fillos e fillas se vexan privados da oportunidade de acadar a debida competencia lingüística, tamén en galego.
- Fai un chamamento tamén NOVA ESCOLA GALEGA a toda a sociedade galega para que se manifeste dun xeito inequívoco ante unha das maiores agresións que ten sufrido o idioma de Galicia ao longo de toda a súa historia.

Santiago, 1 de xaneiro

O Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, colectivo con vinte e cinco anos de vida e autor do único proxecto global existente ata o momento sobre a normalización lingüística no ensino ([www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)), diante da presentación do *Borrador para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* realizada o pasado día 30 polo Presidente da Xunta de Galicia quere facer públicas as seguintes reflexións sobre o mesmo.

A nova normativa proposta prescinde do **acordo acadado por consenso en torno ao mínimo do 50% no Plan Xeral de Normalización de 2004** e das **recomendacións** entre outras institucións da **Real Academia Galega** (*Unha lingua para todos*: Comunicado do 12 de maio de 2009), do **Consello da Cultura Galega** (*Proposta institucional sobre a lingua galega ao Parlamento de Galicia*), das **Universidades**, do **Instituto da Lingua Galega** (<http://www.vieiros.com/nova/74939/o-ilg-advirtelle-a-feijoo-do-dano-gravisimo-ao-prestixio-social-da-lingua>) e do informe realizado no seu día polo **Consello Escolar de Galicia** (*Informe sobre o estado e a situación sobre o sistema educativo en Galicia 2002-2005*, no capítulo dedicado á lingua galega no sistema educativo) dado a coñecer antes da promulgación do decreto 124/2007.

**Desconsidera os preocupantes datos sobre a saúde do idioma** ao renunciar á adopción de medidas realmente efectivas de protección e promoción do galego, e,

ademais, pretender desamparar as accións realizadas ao abeiro dos avances propiciados pola normativa aínda vixente.

Insiste en **distorsionar e falsear os elementos do debate**, como xa ocorreu á conta da controvertida consulta ás familias, pois pretende poñer no foco de atención os efectos da toma en consideración do inglés como lingua vehicular para o ensino, a sabendas da súa inviabilidade, e distorsionando fortemente os verdadeiros elementos do debate, que non son outros que as condicións e o papel do idioma propio no ámbito do ensino, tendo en conta as especiais características que, no caso galego, o condicionan. Na nova proposta normativa o galego queda relegado e, na práctica, confrontado a atopar espazos de uso formal no ensino nos “caladoiros” que as outras linguas (castelán ou inglés) non poidan encher.

Nas condicións actuais esta é, na súa tradución real ás aulas e aos centros, a proposta presentada para o noso idioma por parte de quen ten a obriga de protexelo e promocioalo. Consonte con isto, velaí a **imposibilidade de dar cumprimento ao previsto nas leis educativas sobre competencia lingüística por parte do sistema educativo**. O tratamento aparentemente “igualitario” diante de realidades lingüísticas moi desiguais no seu carácter, desenvolvemento, presenza social e problemática, só pode traer como consecuencia un **maior retroceso para a lingua galega**. A nova normativa pon ao mesmo nivel a lingua propia, minorada, a outra lingua oficial e unha lingua estranxeira, sen que existan nin condicións reais nin razóns legais para que isto sexa posible. O Decreto **contravén o sentido da necesaria protección** para a lingua propia establecida no Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística de 1983 (Artigo 13.2. *As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino*) ou mesmo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.

Pon igualmente en perigo a planificación lingüística, compoñente substantiva dos **proxectos educativos dos centros escolares**, e os avances conseguidos en moitos centros de ensino iniciados desde hai varias décadas, socavando un proceso que as propias leis demandan e amparan, e, encamiñase, cando menos, a ralentizar futuras actuacións normalizadoras, xusto nun momento no que os datos sociolingüísticos sobre a saúde do idioma reclaman accións nunha liña absolutamente contraria. Neste sentido, é particularmente significativo que a normativa proposta abra a possibilidade de que na **Formación Profesional** e nas **Ensinanzas de Persoas Adultas o galego poida non ser usado** como lingua vehicular nin tan sequera nunha hora lectiva semanal.

O anuncio realizado polo Presidente da Xunta pon en evidencia unha **actitude prepotente do partido no goberno**, previsible desde a súa chegada ao poder, por moito que en ocasións aparentase modular o seu discurso, ao desconsiderar absolutamente as recomendacións de todas as voces autorizadas na materia e ao desmarcarse da súa propia posición cando non só apoiou senón que promoveu, desde o propio goberno, o PXPL (2004). Cúmprase desta maneira os peores agoiros, aqueles sobre os que de maneira “preventiva” a cidadanía, as institucións e os movementos sociais e educativos foron alertando e denunciando.

Esta estratexia sobre o idioma é máis grave aínda se consideramos que se asenta na asunción por parte dos actuais gobernantes de que existe un proceso de imposición que discrimina os castelanfalantes e de que a liberdade lingüística é o ben supremo a



considerar, malia que se asente na defensa dun paradoxal “**dereito á ignorancia**” e no ataque constante ao prestixio social da lingua galega. Neste sentido, lembra NOVA ESCOLA GALEGA que **nos lles corresponde ás familias senón aos poderes públicos** a toma de decisións sobre aspectos curriculares e organizativos do ensino, incluída a lingua vehicular a utilizar nas aulas, e pregúntase ao tempo se, ademais de lles consultar aos pais e nais pola lingua a usar nas clases e pola pertinencia ou non de materias como Educación para a Cidadanía, quedará de vez aberta a opción de pedir a súa opinión sobre calquera outro aspecto referido ao ensino (se é pertinente o ensino das Matemáticas ou non, por exemplo).

Nestes 26 anos de desenvolvemento das accións normalizadoras, logo da aprobación da Lei de Normalización Lingüística en 1983, asistimos ao peor episodio da involución lingüística que os galegos e galegas poderíamos ter imaxinado cando pensabamos que as leis e as aspiracións colectivas da cidadanía retratadas nos consensos acadados polos representantes políticos nos situaban nun camiño certo para a recuperación progresiva do noso idioma.

Ante esta situación NOVA ESCOLA GALEGA entende que só é posible o entendemento e o establecemento de acordos restablecendo o **consenso a partir do previsto no Plan Xeral de Normalización Lingüística** (2004) como folla de ruta cuxos obxectivos cómpre poñer en valor.

NOVA ESCOLA GALEGA fai un chamamento á comunidade educativa e á sociedade en xeral para **evitar o retroceso e a involución de dereitos da cidadanía**, así como de oportunidades para o desenvolvemento do galego como idioma propio de Galicia. Particularmente, realiza este chamamento ás familias para evitar que aos seus fillos e fillas se lles impida acadar a debida competencia lingüística, tamén en galego.